



BASES DE PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE PERSOAS TITULADAS UNIVERSITARIAS E DE FORMACIÓN PROFESIONAL NO CONCELLO DA ESTRADA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “ O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Primeira. *Obxecto da convocatoria*

As presentes Bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de 4 persoas beneficiarias das subvencións destinadas á contratación laboral en prácticas de tituladas e titulados universitarios e de formación profesional co fin de que poidan adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral o abeiro do programa de fomento da empregabilidade “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” subvencionado pola Deputación de Pontevedra (DOG nº117 do 19.06.2020).

Os perfís / titulacións que se van a contratar son os que figuran na resolución da Deputación de Pontevedra, publicada no BOP nº 172 do 7.09.20.

- 1 Enxeñeiro/a Técnico Agrícola/Enxeñeiro Agrícola
- Licenciado/a en Historia /Grao en Información e documentación/ Licenciatura en documentación
- 1 Diplomado/a en biblioteconomía e documentación/Grao en Información e documentación/ Licenciatura en documentación
- 1 Técnico/a superior en avaliación e control ambiental/ Ciclo superior en Educación e control ambiental.

Segunda- . *Condicións*

A contratación realizarase mediante un contrato en prácticas regulado no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Duración do contrato: 6 meses con posibilidade de prórroga (suxeita á financiación do ente provincial).

O horario laboral será de 37,5 horas semanais (xornada completa).

Percibirán as seguintes retribucións:

- Licenciatura/Grao/ Enxeñería Técnica percibirán a cantidade mensual de 1.124,83 euros brutos mensuais por todos os conceptos, incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias e demais complementos salariais.
- Ciclo Superior: percibirán a cantidade mensual de 1.108,33 euros brutos mensuais por todos os conceptos, incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias e demais complementos salariais.





Terceira. Requisitos dos aspirantes

Para poder participar nas probas de selección, ademais de cumprir os requisitos esixidos para a celebración de 1 contrato en prácticas, segundo a normativa vixente, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
4. Non ter sido separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
5. Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego desempregados ou coa tarxeta de mellora de emprego.
6. Ser convocados/as polo Servizo de Emprego de Galicia: figurar no listado remitido pola oficina de emprego da Estrada correspondente á oferta de emprego presentada polo concello na categoría profesional que se pretenda optar.
7. Estar en posesión das titulacións esixidas segundo o posto e recollidas na Resolución da Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP nº 172 do 7.09.20.
 - Enxeñería técnica agrícola/Grao en enxeñería agrícola e agroalimentaria/ Grao en enxeñería agraria ou Enxeñería agrónoma.
 - Licenciatura/Grao en Historia/ Grao en Xeografía e Historia.
 - Diplomatura en biblioteconomía e documentación/ Grao en información e documentación/ Licenciatura en documentación.





- Ciclo superior en Educación e control ambiental.

Cuarta. Preselección de aspirantes

O concello da Estrada remitirá unha oferta de emprego por cada categoría profesional solicitada (5 por posto) á oficina de emprego da Estrada, a cal remitirá ao Concello unha relación de candidatos/as preseleccionados/as pola mesma, sendo esta oficina responsable de preseleccionar aos/ás candidatos/as que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas. O ámbito de busca de emprego non poderá superar o nivel provincial.

Daráselle preferencia as persoas con discapacidade, co obxectivo de garantir o dereito de igualdade de oportunidades e de trato no acceso ao mercado laboral das persoas que por circunstancias física ou psíquicas teñan dificultades de empregabilidade.

A oficina de emprego da Estrada remitirá comunicación aos/ás candidatos/as por ela preseleccionados na que se lles convocará para a realización do proceso de selección no Concello da Estrada.

Quinta.- Forma e prazo de presentación de solicitude.

1. As persoas preseleccionadas pola Oficina de emprego que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 2 días desde a comunicación recibida por parte do Servizo Público de Emprego instancia dirixida ao Alcalde do concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (ANEXO I)

A solicitude deberá vir acompañada por orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade ou calquera outro que o substitúa.
- b) Documentación acreditativa para a valoración de méritos.
- c) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
- d) Acreditación do grao de discapacidade, cando proceda.

Sexta. Criterios de selección das persoas beneficiarios das contratacións en prácticas

Establécese como sistema de selección o de concurso.

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto. 1147/2011, de 29 de xullo.

No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou ésta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.





d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai ocupar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento.

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai ocupar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
- b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requiririlles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Oitava. Tribunal calificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ningún.





Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Novena. Resultado final

O Tribunal reunirse para valorar a documentación presentada polos aspirantes atendendo aos criterios de valoración indicados anteriormente e publicaranse na páxina web do concello e no Taboleiro de anuncios da casa consistorial as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes, coas que se elaborará unha lista por orde decrecente de puntuación, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase esta en posesión dos requisitos esixidos, etc.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados

As persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Décima. Formalización dos contratos

Os aspirantes propostos ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas Bases, deberán presentar, antes da formalización do contrato a seguinte documentación:

- Declaración xurada de cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria (ANEXO II).
- Certificado/ Informe médico de que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver.





- Fotocopia da tarxeta da seguridade social e número de conta bancario co código IBAN.
- En caso de que se estime, acreditación dos documentos alegados e tidos en conta para a contratación.

Décimo primeira. Protección de datos

Os/as aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello da Estrada, con sede en Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada (Pontevedra), onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición.

Décimo segunda. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo terceira. Incidencias e recursos

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

A Estrada, 11 de setembro de 2020

O ALCALDE

D. José C. López Campos

Asinado dixitalmente á marxe





ANEXO I

INSTANCIA " O TEU PRIMEIRO EMPREGO "

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		MAIL	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello da Estrada de 4 persoas beneficiarias das subvencións destinadas á contratación laboral en prácticas de tituladas e titulados universitarios e de formación profesional:

DENOMINACIÓN POSTO/S	
----------------------	--

Aporta a seguinte DOCUMENTACIÓN: marcar o que corresponda:

- DNI, tarxeta de identidade
- Discapacidade
- CELGA 4 ou equivalente
- Méritos

A Estrada, _____ de _____ de 2020

(sinatura da persoa solicitante)





ANEXO II : DECLARACIÓN XURADA

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		MAIL	

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello da Estrada de 4 persoas beneficiarias das subvencións destinadas á contratación laboral en prácticas de tituladas e titulados universitarios e de formación profesional:

DENOMINACIÓN DO POSTO	
-----------------------	--

DECLARA

1) Reunir os requisitos sinalados nas Bases Reguladoras do proceso de selección para a selección de 4 persoas beneficiarias das subvencións destinadas á contratación laboral en prácticas de tituladas e titulados universitarios e de formación profesional "O TEU PRIMEIRO EMPREGO", que declara coñecer.

2) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

3) Non ter sido separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.

4) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente

Así mesmo,

AUTORIZA á administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

A Estrada, ____ de _____ de 2020

(sinatura da persoa solicitante)

